



Preciadas familias:

Dende a **ANPA BRIGANTIUM DO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN**, xa no curso pasado implementamos a nosa web e aplicación, a través das cales poderedes acceder a información, noticias, deixar mensaxes automáticas coas vosas preguntas e facervos socios da Anpa e realizar o pago da cota de socio.

A ligazón para acceder é: **anpabrigantium.miampa.com** e a aplicación é **Miampa**, podedes descargala a través de Google Play ou da AppStore.

Recomendamos que a primeira vez que accedades a ela o fagades a través da web, xa que é moito máis sinxelo tanto para nós coma para vos. Se o facedes a través da aplicación teredes que introducir o seguinte código **B07F8**.

Para inscribirse como socios só tedes que ir ao apartado que pon rexistrate, e cubrir os datos dun ou dos dous titores, tamén podes achegar fotos, datos dos alumnos, o curso no que están... Unha vez feito isto solo teredes que gardar os datos (podedes modificalos en calqueira momento).

Finalmente, teríades que pagar a cota de socio, para isto deberedes iniciar sesión co correo electrónico e contrasinal que utilizachedes para rexistrarvos. Na páxina de inicio, na parte superior dereita aparecen tres pequenos puntos, o facer clic neles ábrese un pequeno menú despregable e tedes que seleccionar "pagar cota de socios". **Cota socio curso 2024/2025 = 10 € o ano por familia.**

Teredes tres opcións para facelo:

- 1.- Pago a través de **redyss** (é inmediato e custa 0,20 €)
- 2.- Pago por **bizum** (é inmediato e custa 0,20€)
- 3.- Pago por transferencia bancaria á conta: **ES14-2080-3101-0530-4005-2571** (validación da cota unha vez recibido o xustificante de pagamento da transferencia a noso correo **anpabrigantium@gmail.com**) no concepto teredes que poñer o nome completo do socio titular.

* Se o facedes a través das opcións 1 e 2 aparecerá automaticamente nese menú despregable como membro SI. Se o facedes coa opción 3 estará, pendente de validación.

Tamen recordarlles as familias que por algunha razón xa teñen pagada a cota deste curso 24/25, que deberan rexistrarse tamen como familias a través da web ou app e mandarnos o xustificante de pago da cota para poder validala.

Quedamos á vosa enteira disposición para aclarar calquera dúbida ao respecto.

ANPA BRIGANTIUM